

## MARX – TEXTO 2

**PRESENTACIÓN DO TEXTO:** *A ideoloxía alemá* é unha obra escrita por Karl Marx e Friedrich Engels en Bruxelas entre 1845 e 1846 aínda que non se publicou ata 1932 na Unión Soviética. Neste texto atópanse moitas das teses principais do materialismo histórico por primeira vez no pensamento marxista. Este traballo xorde tras ser expulsados de París baixo a acusación de escribir artigos revolucionarios no xornal.

**PRESENTACIÓN MARX:** incluír por quen está influído aínda que sexa só nomear

**TEMA DO TEXTO:** Estrutura *versus* superestrutura / A orixe da ideoloxía

### DESARROLLO:

Crítica á filosofía anterior (idealismo hegeliano). En que sentido? Non hai leis preestablecidas, non hai unha razón que nos precede, nin as leis históricas nen as leis da economía existen; polo tanto a realidade non é a materialización de ningunha razón universal nen espírito absoluto. Resaltar a contraposición de palabras: “do ceo á terra...” (da idea ao real = Idealismo) con “da terra ao ceo ...” (dos episodios concretos ou reais se poden teorizar = marxismo) (II 1 a 7)

A partir da liña 7 inicia a semente do que será a teoría da estrutura/superestrutura: “Moral, relixión, ...” non son autónomas, obxectivas; non existen previamente; están xeradas por situacións concretas: un tipo de produción xera unha ideoloxía concreta que abala, xustifica e explica o tipo de economía na que se vive. (I 7 a 11).

Non hai ningunha conciencia previa .... (liña 10 a 15)

### De que falar en algún momento se non faláchedes:

- Do ataque á filosofía hegeliana e como a través dela xustifícase as situacións presentes como inevitables. Falar das dereitas hegelianas.
- Contrapoñelo á súa teoría do individuo concreto
- Presentar a Marx como un dos “filósofos da sospeita”. Que significa?
- Dos distintos tipos de economía e da ideoloxía que xera a economía capitalista e a quen beneficia. Que está xustificando?

**CONCLUSIÓN:** debe incluír seguidores ou outros pensadores aos que influíu + escenarios históricos ou sociais que propiciou